



INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO RELATIVO Á MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 5 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DA LAMA PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL O VERDUGO

Promotor: Concello da Lama

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Urbanismo (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas)

Expediente: 2024AAE2912

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- O 26.3.1997 apróbanse definitivamente as Normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSSPP) vixentes no concello da Lama.
- O 28.6.2024 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de A Lama no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual núm. 5 das Normas subsidiarias de planeamento para a delimitación do núcleo rural O Verdugo" (en diante modificación ou MP5), acompañado dun borrador do planeamento e dun documento ambiental estratéxico. O 3.7.2024 recibimos a documentación completa.
- O 4.7.2024 iniciamos un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Segundo o artigo 83.6 da LSG, as modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23 tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei (e 191 do RLSG). As delimitacións do solo de núcleo rural deben someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada ao abeiro do disposto no artigo 78.4 da LSG.






- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do planeamento

Obxecto: clasificar como solo de núcleo rural os terreos vinculados ao asentamento de O Verdugo, na parroquia de Escuadra (San Lourenzo). Nas NNSSPP os terreos delimitados están clasificados como solo non urbanizable de protección agrícola.

Superficie do ámbito: 10.735 m²



Localización do ámbito de actuación da MP5

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito de actuación da MP5 localízase ao norte do núcleo da Pedreira (capital municipal), na zona onde conflúen os ríos O Verdugo e Barbeira, preto do polígono industrial de Racelo e a 1 km do centro penitenciario. Insírese nunha contorna rural e montañosa na que pequenas aldeas se asentán entre prados e masas arboradas.


O tramo próximo do río O Verdugo constitúe o límite suroeste da zona especial de conservación (ZEC) "Serra do Cando", da Rede Natura 2000, estando o extremo sur do ámbito de actuación dentro da ZEC.





Na zona (fóra do ámbito da MP5 e da ZEC) hai unha praia fluvial que está incluída no Rexistro de zonas protexidas do Plan hidrolóxico Galicia-costa (PHGC) como "zona de baño" (EUZPROTCOD ES11400025C36025A).

O asentamento O Verdugo presenta unha trama cunha morfoloxía compacta inscrita nun parcelario variado en canto a tamaños e formas. A maioría das vivendas son de tipoloxía tradicional e existen peches tradicionais de pedra e varios hórreos.



Non existen elementos catalogados dentro do ámbito delimitado. O borrador da MP5 identifica cinco hórreos en distinto estado de conservación e antigüidade descoñecida.

Algunhas parcelas do asentamento dispoñen de conexión á rede municipal de abastecemento de auga, mentres que nas restantes o abastecemento realízase mediante pozos individuais. O saneamento resólvese mediante fosas sépticas individuais e privadas.

3. Proposta de planeamento


Análise de alternativas: no documento ambiental estratéxico valoráronse dúas alternativas de delimitación do núcleo rural, ademais da alternativa 0 (cero) de non formular a MP. A alternativa 1 propón unha menor área delimitada, incluíndo todas as vivendas existentes a día de hoxe e prevendo un crecemento bastante compacto; mentres que a alternativa 2 propón unha delimitación mais ampla, prevendo un maior crecemento do asentamento cara a marxe norte seguindo a traza marcada do camiño de conexión co núcleo de O Peso. Tras realizar unha valoración comparativa, o promotor optou por desenvolver a alternativa 1.





Resumo da proposta: Clasifícase o solo do ámbito delimitado como solo de núcleo rural tradicional (o borrador indica que inclúe 7 parcelas edificadas e 11 parcelas edificables), defínense as aliñacións de viario e de edificación, elabórase un Catálogo de patrimonio cultural que inclúe cinco hórreos e elabórase unha ordenanza de núcleo rural tradicional que será de aplicación no núcleo O Verdugo.

Ordenación proposta (extracto do plano AMAPDNR_03PORDb)



4. Período de consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Natural		x

Asemade, o borrador da MP5 e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non recibimos ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación da MP5 todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. Resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Urbanismo

Non se achega plano de parcelario actual do ámbito delimitado como núcleo, polo que non é posible a súa correcta revisión. Aparentemente existen varias parcelas interiores sen acceso a viario público, cuestión que cómpre clarear.





Instituto de Estudos do Territorio

A delimitación do núcleo rural axústase en xeral á realidade edificada, polo que a modificación puntual non terá un efecto paisaxístico significativo, agás no feito de que as parcelas vacantes áchense principalmente no cumio do núcleo, lugar cun alto grao de exposición visual. Tamén poden verse afectados os muros tradicionais existentes, o que pode alterar a morfoloxía do asentamento, se ben na normativa faise referencia á debida protección destes elementos que, de ser necesario, deberanse trasladar a unha nova posición.

Conclúe que a MP5 non producirá un impacto significativo sobre a paisaxe e que, de acordo co artigo 41.5.a do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), non é necesario realizar un estudo da paisaxe.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

O apartado 6.3 da Memoria Informativa do Borrador analiza as características das edificacións existentes no núcleo e, polas fotos achegadas, pode concluírse que varias delas son edificacións tradicionais con posible valor arquitectónico. Deberase analizar o valor arquitectónico e etnolóxico destas edificacións tradicionais; no caso de que se identifiquen valores culturais salientables, deberanse incluír no Catálogo da MP5 cunha ficha independente.

Deberá redactarse unha ordenanza para todo o núcleo rural tradicional baseada no estudo das características tradicionais do núcleo e que teña como obxectivo a súa conservación. O obxectivo de incluír esta ordenanza na Normativa da MP5 é asegurar a conservación e protección dos valores tradicionais do núcleo. A protección dos muros tradicionais de pedra debe incluírse na normativa da MP5; debe quedar claro que se prohíbe a súa destrución e que, de ser o caso, o desprazamento ou reconstrución deberá realizarse empregando as técnicas e materiais tradicionais.

O plano de información do AMAP "Afeccións" representa cunha liña vermella discontinua o "contorno arquitectónico e etnográfico" (o cal é confuso pola superposición de liñas), porén, non identifica os bens catalogados, nin graficamente nin co seu código de Catálogo identificativo.

A estrutura tradicional do núcleo é un elemento máis de interese e, polo tanto, é importante conservala, polo que se debe procurar manter as aliñacións tradicionais e os elementos vernáculos que as consolidan (peches, cómaros, construcións auxiliares, edificacións, canles, arborado, vexetación, etc). Chama a atención que se inclúan na delimitación catro parcelas baleiras no extremo norte do asentamento, unha das cales non ten acceso mediante vía pública; cómpre potenciar e consolidar as áreas vacantes do interior do núcleo.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A MP5 proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no solo de núcleo





rural. Este planeamento non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental, nin resulta pertinente ou necesario para a implantación de lexislación ambiental.

Coa MP5 preténdese recoñecer urbanisticamente o asentamento rural do Verdugo. A delimitación do núcleo proposta abrangue unha superficie reducida (1,07 ha) ocupada en boa parte por vivendas unifamiliares e construcións anexas, polo que non se agardan efectos significativos no relativo á ocupación do recurso solo. Porén, o borrador inclúe na delimitación do núcleo varias parcelas interiores sen acceso a viario público (algunha destas parcelas está baleira), cuestión que cómpre clarexar.

Malia que as parcelas vacantes áchanse principalmente no cumio do núcleo, lugar cun alto grao de exposición visua, a MP5 non terá unha incidencia significativa sobre a paisaxe, pois a delimitación do núcleo axústase en xeral á realidade edificada.

O extremo sur do ámbito delimitado queda inserido dentro da ZEC "Serra do Cando" (Rede Natura 2000); este espazo do núcleo corresponde na actualidade a unha zona do viario habilitada como aparcadoiro e que se mantén como tal na MP5, polo que non haberá incidencia sobre o patrimonio natural.

O borrador da MP5 propón catalogar cinco hórreos existentes dentro do núcleo delimitado, porén, existen tamén edificacións tradicionais con posible valor arquitectónico, polo que cómpre facer un estudo con máis detalle para establecer as medidas oportunas e garantir a súa protección.

Con respecto á situación actual, a delimitación do núcleo proposta no suporá un incremento significativo dos desprazamentos na zona, polo que non se prevén efectos significativos na mobilidade.

A MP5 tampouco implicará un aumento significativo da demanda actual de auga para abastecemento nin dos caudais de augas residuais xerados na zona. No borrador indícase que na actualidade o saneamento resólvese mediante fosas sépticas individuais; se as fosas son estancas (baleirado por xestor) non precisan de autorización, pero se teñen vertido por infiltración ao terreo si (gabias drenantes, pozos drenantes,...). En todo caso, debe quedar garantido na documentación da MP5 a dispoñibilidade de recursos hídricos suficientes e a adecuada xestión das augas residuais.

PROPOSTA

A partir da documentación presentada polo promotor, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non prevemos que a modificación puntual teña efectos significativos sobre o medio ambiente, pero deberían atenderse as seguintes **recomendacións e condicións:**

- 1) Para contribuír á salvagarda dos valores do patrimonio cultural, teranse en conta as medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe; entre outras:
 - Deberase realizar a preceptiva prospección do ámbito para identificar todos os bens do patrimonio cultural existentes e, de ser o caso, valorar a procedencia da súa catalogación.





- Incluirase na normativa da MP5 unha ordenanza para todo o núcleo rural tradicional co obxecto de conservar os seus valores tradicionais (entre eles, os muros de pedra tradicionais). A normativa incluirá tamén o réxime de autorizacións aplicable aos bens catalogados.
 - O Catálogo de bens do patrimonio cultural conterá toda a información esixida pola normativa vixente (artigo 197 do RLSG).
 - Procurarase empregar un grafismo claro na delimitación dos bens do patrimonio cultural e do seu contorno de protección, tanto nas fichas do Catálogo como nos planos de ordenación.
 - Xustificarase a inclusión de parcelas vacantes máis aló do perímetro edificado na delimitación do núcleo rural tradicional.
- 2) Debe quedar garantido no plan o abastecemento de auga, o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica (determinacións 3.1.5.g e 4.8.9 das Directrices de ordenación do territorio; artigo 11.4 da normativa do Plan hidrolóxico de Galicia costa¹); con esta finalidade:
- Deberase completar a información relativa ao abastecemento de auga, indicando: (a) estimación do caudal preciso para atender as necesidades da proposta, tendo en conta as dotacións establecidas no apéndice 7 da normativa do Plan hidrolóxico Galicia-costa; (b) indicación do título/s concesional que ampara o caudal estimado; (c) comprobación da suficiencia do caudal outorgado no título concesional para atender a nova demanda.
 - Calquera vertido ao dominio público hidráulico ou ás augas continentais, incluso no caso de vertido indirecto (p.e. gabias drenantes de fosas sépticas), deberá contar coa autorización de vertido do organismo de bacía, nos termos establecidos nos artigos 100 e seguintes do texto refundido da Lei de augas e nos artigos 245 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico.
- 3) A MP5 deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas
(asinado con sinatura electrónica)

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado con sinatura electrónica)

1 Orde do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro (DOG do 20.2.2023).





Tendo en conta a proposta anterior, INFORMO:

Que non se prevé que a Modificación puntual núm. 5 das Normas subsidiarias de planeamento municipal da Lama para delimitar o núcleo rural do Verdugo teña efectos ambientais significativos, pero deberán atenderse as recomendacións e condicións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico remitirase ao Concello de A Lama, xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Conforme ao disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Ramón Martínez Boga

Director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

